

## Paco Martín

Lugo, 1940.

Bachillerato y Magisterio en Lugo. Maestro en ejercicio, en escuelas rurales de Asturias, Euskadi y Galicia desde 1961. Actualmente trabajo en un colegio público de Lugo.

Casado desde 1969 con Ángela Franco, profesora de Lengua y Literatura españolas en un instituto de Lugo. Dos hijos: chica, 17 años y chico, 15 años.

Director de *Axóuxere*, primer semanario infantil en lengua gallega que apareció en las páginas del diario *La Región* de Ourense en los años 1974 y 1975.

Colaborador en las programaciones que, desde 1979, se hicieron para la enseñanza del gallego.

Conferenciante en más de cien centros de enseñanza (EGB, EM y Universidad), bibliotecas y asociaciones culturales, de Galicia principalmente. Pregonero en ferias del libro, fiestas populares, etc.

Colaboraciones en prensa, radio y TV.

Premios en varios certámenes de Galicia y Portugal.

Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil de 1986 por *Das cousas de Ramón Lamote* (Ed. Galaxia-SM, Vigo 1985), libro que mereció también los premios O Barco de Vapor 1984 y Losada Diéguez 1985, además de ser incluido en la lista de honor del IBBY (1986) y en el catálogo *Los mirlos blancos* de la Biblioteca Internacional de la Juventud de Munich (1988).

Última obra publicada: *Lembranza nova de vellos mesteres* (Ed. Galaxia, Vigo 1988).

## TINTA FRESCA

# Un comparchufeiro

por Paco Martín

**E**ste é o resumo da historia de Anxeliño Cadadía que, aínda hoxe, se gaba de se-lo inventor dun novo oficio —profesión quere el que lle chamen—, do que viviu, e non mal, moitos dos anos da súa vida.

Anxeliño Cadadía, se imos contar verdade, non inventou nada, mais, e iso compre recoñecerllo, adicou grandes esforzos e unha vocación incombustible a un mester que, na realidade, ven ser tan vello coma a propia humanidade.


El pretendeu que ó seu traballo se lle chamase *Cadadismo* e a aqueles que o practicaban *Cadadistas* —todo isto a nivel local, naturalmente—, mais a xente normal utilizou de sempre, e utiliza agora, termos moito máis prosaicos e pouco respetuosos, aínda que altamente expresivos, para nomear ós que se adican ó mesmo labor ca el.

Tamén é certo que, nos círculos onde se moven aqueles que, por razóns económicas ou sociais, están en condicións de utiliza-los servicios des-

tes individuos, barallanse, para se referir a eles, denominacións que soan máis requintadas e cultas. Hai quen lles chama *Comparchufeiros* e quen, dicindo que así é en italiano, *Infrapragone*.

Pero mellor será que falemos unha miguña de iso do que Anxeliño Cadadía quixo facer unha profesión. O labor do *Comparchufeiro* consiste, básicamente, en facer louvanza das persoas que lle pagan, diferenciándose do chufón normal no estilo e mais no método que, no caso que agora nos ocupa, veñen ser moitísimo máis empolados e efectivos. O *Comparchufeiro* non realiza o traballo dun xeito directo senón conseguindo que o seu amo saia ben visto gracias á comparación que con el se faga.

Quizais resulte máis crarexador que deamos un exemplo: imaxinemos a un señor que, polas razóns que sexa, acadou un posto político de certa importancia e que, gracias a el, ten por diante un futuro ricaz en honras, e mesmo en cartos, pero que, e iso son cousas da natureza, ten de estatura un



ARNAL BALLESTER

metro sesenta e cuatro centímetros e isto, que no caso de calquera de nós no tería ningunha importancia, pode resultarlle incómodo ó noso home que precisa de asistir a actos públicos, aparecer nas fotos da prensa e sair pola televisión nun lugar onde os seus oponentes políticos, e mesmo os membros da súa propia formación —o que aínda é moito máis perigoso—, andan do metro setenta e cinco para arriba. Así as cousas e postos a facer calquera clase de comparanzas, o noso amigo sae sempre perdendo. Non é que á xente normal lle interese moito aló que aqueles que os rexen sexan máis ou menos cativos —sempre

que a cativeza estea referida só á estatura, naturalmente—, pero cando alguén chega onde este home chegou esquece de todo á xente da rúa e non lle resulta doado admitir que outro que está por baixo sexa mellor mozo ca el. En realidade isto é algo que nunca poderá aturar, precisamente porque é algo que todos poden ver. Pos bien, eiquí é onde comenza o labor do *Infraparagone*.

El terá que aparecer sempre preto do seu amo e haberá er moito máis baixo ca el, amosar un bandullo moito máis prominente, levar torto o nó da garabata, luxado o cos da camisa e uns pantalóns rabenos e engurrados

ó tempo que, coa axuda de certos colaboradores, termará dos que son máis altos para que non se podan chegar cabo do seu patrón, especialmente nos intres de sair nunha foto ou cando as cámaras da televisión estean filmando.

Non é un traballo doado, contra o que alguén poda pensar, e para acadalas alturas ás que Cadadía chegou, precisase dunha fonda vocación e dunha práctica que compre obter dende moi novo, como o noso home fixo.

Xa na escola, se o César, que non era moi agudo a pesares de ser fillo do señor Simón, o home de máis cartos de toda a parroquia, se engañaba

na conta de dividir, alí estaba o Anxeliño para facer na pizarra unha parvada maior e así esviar cara a el os risos dos compañeiros e cando o rapaz do médico, aproveitando o feito, importantísimo, de se-lo dono do balón, quería xogar de porteiro e metíanllas todas polo zoupón que era, el púñase na outra portería e deixaba pasar moitos máis goles.

Por todo isto levaba unha chea de losqueadas dos rapaces e nunca conseguira un bico de ningunha das nenas, mais iso tanto lle tiña, el só gardaba lealdade á súa vocación.

Medrou, como é lóxico, a pesares das pancadas e dos desprecios e, gracias precisamente á súa probada capacidade para atura-los malos tratos que viñera recibindo, acadou o seu primeiro traballo fixo. Fora nunha botica nova que puxeran no bairro. Don Amador, o boticario, era un home xa de idade e moi gostador das mozas pero que tiña una nariz coa traza dun pemento amarelado e malfeito o que facía que as rapazas que chegaban na procura de aspirinas, ou outra men-ciña calquera, foran sempre varias xuntas e xogaran alí, na botica, a faceren por termar do riso, o que deixaba doente e sen azos ó tal don Amador. Sabedor dos problemas do farmacéutico, Anxeliño Cadadía presentóuselle ofrecéndose para, se lle pagaba ben, traballar canda el. Todo iso prometendo que, de se facer co traballo, habíalle faltar gravemente o Arcadio aldraxando ó clube dos seus amores o que, sen dúbida, daría como resultado que, coñecendo a forza e o xenio do inxuriado, cando o Anxeliño chegase á botica o seu nariz estaría nunhas condicións moito peores que as do de don Amador, as mozas adicarían as súas chufas ó rapaz e o boticario sairía gañando na comparanza.

Así se fixo e a cousa resultou ben ata que o amo da farmacia aforrou cartos abondo para lle pagar a un ciruxano amigo de seu que lle fixera un curioso amaño no apéndice nasal.



ARNAL BALLESTER

Despois da operación o boticario viu-se no espello e decidiu que xa non pagaba a pena dar cartos a un individuo tan feo como o Anxeliño era, e despediuno.

Entrou, despois, ó servizo dunha dama, ilustre pero algo grosa de máis, para o que o noso home precisou chegar ós cento dezaseis quilos de peso co conseguente destrago da súa imaxe o que permitía á señora presidir, sempre co tal Anxeliño ó pe dela, roupeiros e poxas benéficas sabendo que había sacar proveito da comparanza.

E chegou, por fin, ó mundo da política onde fixo de todo. Foi zarabeto na fala, calvo, birollo, babalocas, lurpio, mentireiro... e, dese xeito, acadou unha chea de vicepresidencias segundas en entidades oficiais que lle supuñan unha boa man de cartos.

Estaba, coma quen di, no cimo da súa carreira e iso foi, de certo, o que o perdeu. El coidaba, e non sen razóns, que era un dos mellores *Comparchufeiros* do mundo, se non o mellor, pero non podía demostrarllo a ninguén porque o cerne do seu labor estaba precisamente en realzar a

outros quedando el agachado ós ollos dos mais. Pero chegou un tempo no que a súa vanidade non podía xa aturar aquel anonimato e decidiu contratar a un *Infraparagone* que o servise a el para así facer sobrancea-la súa figura. E mesmo chegou a falar do asunto cun dos seus mellores discípulos antes de se decatarse do perigo que aquilo representaba: se había un *Comparchufeiro* capaz de enlevar a Anxeliño Cadadía isto quería dicir que era mellor ca el...

Cavilemos no espantoso dilema no que o pobre home se había debater. Se quería seguir sendo o mellor, a xente nunca chegaría a sabelo e se pretendía dar coñece-los seus méritos, outro ocuparía aquel primeiro posto.

Vendo agora a Anxeliño Cadadía gardado na casa, adicado a escribir instancias e máis instancias dirixidas a todos aqueles ós que ofrecera os seus esforzos e sen sospeitar que nunca recibirá resposta algunha, resulta moito máis doado comprender ó señor Hamlet... ■